

**CONCELLERÍA DE CULTURA. CONCELLO DE CULLEREDO
ENCUNTROS CULTURAIS DO OUTONO 2008 .
PROGRAMACIÓN TEATRAL.HOMENAXE A “ROBERTO VIDAL BOLAÑO.”**

O vindeiro xoves día 18 de decembro terá lugar a novena das representacións teatrais dos Encontros culturais do Outono 2008 ás 19:30 horas no Edificio de Servizos Múltiples de O Burgo a cargo da compañía “TALÍA TEATRO “ que poñerá en escena o espectáculo “O MERLO BRANCO” orixinal de Cándido Pazó.

Con esta función continúa o ciclo de teatro infantil para o mes de Nadal que contará coa presenza en Culleredo das mellores compañías de teatro infantil de Galicia como son: Os Quinquilláns que escenificou, con cheo total do aforo dispoñible, o espectáculo “O Mago de Oz” o pasado día 12 de decembro; Talía Teatro que traerá a Culleredo o día 18 de decembro “O merlo branco” e Títeres Cachirulo que o día 19 escenificará a obra de monicreques “Do, re, mi Mozart”, así como o espectáculo de maxia a cargo do Mago Vituco & Jessica , “Ilusión Máxica” o día 22 de decembro, un espectáculo baseado nas grandes producións de Las Vegas, o primeiro show destas características creado en Galicia. .

“O MERLO BRANCO” conta a historia de Papá Merlo e Mamá Merlo que teñen un merliño. Que ilusión! Un merliño! Pero cando o merliño nace... Que desilusión! Que contrariedade! É branco!!! Pero como? Todos os merlos son negros! Todos os merlos son negros! Todos! O merliño, ao verse rexeitado, polos seus pais, decide irse da casa. É aquí cando comeza a aventura do noso merliño na busca de paxaros aos que asemellarse, porque, se non é un merlo, que é?

TALÍA TEATRO é unha compañía de Cee que data do ano 1987, acadando dende a súa fundación, e con cada espectáculo realizado, unha maior consolidación como compañía estable, logrando cada vez máis difusión e aumentando progresivamente o número de funcións de cada espectáculo.

Nos últimos tempos Talía Teatro conseguiu certo recoñecemento da crítica, acadando nos dous últimos anos os premios do “Certame Xuventude de Teatro”.

Teñen realizado e producido os seguintes espectáculos:1988. O rei aborrecido, de Xesús Pisón. 1989. Aquí non paga ninguén, de Darío Fo. 1990. O crime de Aldea Vella, de Bernardo Santareno. 1991. Gaivotas subterráneas, de Alfonso Vallejo. 1993. Ai, Carmela, de J. Sanchís Sinisterra. 1994. T. W. C. , Colectiva. Fando e Lis, de Fernando Arrabal. 1995. Rezagados, de Ernesto Caballero. 1996.

A secreta obscenidade de cada día, de M. A. de la Parra. 1996. Pedro e o capitán, de Mario Benedetti. 1997. Retén, de Ernesto Caballero. 1998. Marsal Marsal, de J. Sanchís Sinisterra. 2000.

Soños dun seductor, de Woody Allen. 2000. Menos lobos, de Artur Trillo. 2001. Dakota, de Jordi Galceran. 2002. Supermáis, de J.M. Benet i Jornet. 2002. Xustiza infinita, de Cándido Pazó. 2003. Bicos con lingua, de VV.AA. A paz do crepúsculo, de Itziar Pascual. Eu así non xogo, de Artur Trillo. 2004. Molière final, de Roberto Salgueiro. 2005. Mundos contados, de Paula Carballeira. 2006. Esperando a Godot, de Samuel Beckett. O merlo branco, de Cándido Pazó. 2007. Quero ser grande

A entrada xeral é de 2,50 € e a reducida de 1,25 €(nenos/as, maiores de 65 anos, carné xove, estudantes...).

Culleredo, 15 de decembro de 2008

O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez